

COMENTARIO DE TEXTOS POÉTICOS

1. PLANO PRAGMÁTICO

Na comunicación literaria debemos distinguir dous tipos de **emisores e receptores** (ficción literaria).

-**Voz poética/Eu poético** (primeira persoa): pode identificarse co autor/a, pero tamén pode corresponder a un personaxe enunciador creado polo poeta. Pode enmascararse nun **Eu plural** que engloba ao oínte e a terceiras persoas, transmite vivencias colectivas, compartidas ou universais.

-**Ti lírico**: destinatario do enunciado poético (non é imprescindible). Se está presente no poema pode haber un **xogo dialogal**. O desdobremento do **eu** dá lugar a un **eu especular** (a voz poética diríxese a si mesma).

-**Poemas descritivos ou narrativos**: se carece de marcas de primeira ou segunda persoa. Suxeito lírico cunha **terceira persoa referencial**.

2. PLANO DO CONTIDO

Son os significados que transmite o texto (ideas, sentimentos, accións...). Consta de tres elementos básicos: argumento, estrutura e tema.

-**Argumento**: acontecementos ou situación que nos transmite o poema. **Que ocorre? Que di o poema?**

-**Estrutura**: as **partes** en que se pode dividir o poema e relación entre elas e coa totalidade do texto.

-**Tema**: idea central (temas secundarios)

3. PLANO DA EXPRESIÓN

a) Nivel gráfico

Forma espacial (prosa ou verso, verso clásico ou libre, poema discursivo ou breve...).

-**Dimensión plástica** do poema, valores caligráficos e visuais (tipogramas, caligramas, palíndromos, acrósticos...)

-**Estrofa**: tipo de estrofa, número de versos, métrica e rima

-**Tipos de poemas**: himno, oda, balada, elexía, pranto, alba, égloga, pranto, pastorela, madrigal, sátira.

b) Nivel fónico

-**Métrica e verso libre**

-**Clasificación** dos versos (arte menor, arte maior, verso libre)

-**Rima**: consoante ou total, asonante ou parcial

-**Figuras literarias** do plano fónico: aliteración, onomatopea, fonosimbolismo, paranomasia, similitudencia

c) Nivel morfosintáctico

-**Frase nominal**: adxectivos (antepostos ou pospostos, epítetos), substantivos.

-**Frase verbal**: abundancia ou non de verbos, correlación temporal.

-**Estruturas sintácticas**

-**Nexos**: polisíndeto (abundancia de nexos), asíndeto (ausencia de nexos).

-**Estruturas paralelísticas**

-**Recursos**

d) Nivel léxico-semántico

-**Valores literarios** asociados ao léxico, novos significados.

-**Arcaísmos, dialectalismos, cultismos...**

-**Frases feitas, niveis de linguaxe, topónimos e antropónimos.**

-**Polisemia, homonimia, antonimia e sinonimia.**

-**Valores connotativos**

-**Tropos**

4. PLANO CONCEPTUAL

Elementos contextuais que permiten comprender o funcionamento do poema nunha **determinada cultura ou sociedade**.

-Pór en relación o **poema cos demais do libro e incluso co conxunto da obra** do autor/a.

-Resultado dunha **cultura e dunha época**. Sitúase nun **movemento literario ou corrente estética concreta** que lle achega unha serie de características formais e preocupacións temáticas específicas.

-Expresión dunha **comunidade ou dun sector social** que expresa a través del as súas preocupacións, conflitos, esperanzas... Cómpre definir a intencionalidade comunicativa do autor/a ou a recepción que tivo na súa época.

a) A interpretación

-Comprensión máis profunda da mensaxe.

b) Conclusión: recapitulamos a información principal

